

Decreto

Ilma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

ASUNTO: APROBACIÓN DE LISTA PARA A COBERTURA INTERINA DE PRAZAS DE OFICIAL ELECTRICISTA

- Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 17 de xullo de 2019, adoptou, entre outros, o acordo 22/446 BASES PARA O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA INTERINA DE PRAZAS DE OFICIAL ELECTRICISTA NOS SUPOSTOS PREVISTOS NO ARTIGO 10 DO REAL DECRETO LEGISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO.

- Visto que por Decreto Número 19006597 do 31/07/2019 resolveuse convocar o proceso selectivo para elaboración dunha lista para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas de Oficial Electricista, de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión ordinaria celebrada o día 17 de xullo de 2019. Dito Decreto foi publicado no BOP de Lugo nº 206 do 7 de setembro de 2019.

- Unha vez rematado dito proceso selectivo e vista a proposta do tribunal de selección do 7 de abril de 2022, publicada no taboleiro de anuncios deste Concello e páxina web, resulta a seguinte lista para a cobertura interina de prazas de Oficial Electricista :

Nº Orde	Apelidos e nome	DNI	P. Total
1	FOUZ MOURE, MANUEL	*335C	19,15
2	VARELA PICHÍN, MANUEL	*933P	17,34

Indicando que conforme ao disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a publicación produce os efectos de notificación individualizada aos referidos aspirantes, significándolles, ademais, a posibilidade de presentar, no prazo de UN MES contado dende o día seguinte ao desta publicación, recurso de alzada nos termos establecidos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, ante o tribunal cualificador ou ante a Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolvelo.

Persoal

JCS

Refª: 22Decretoispac6374143797827887268.doc

Asunto:

Esta Concellería, en base á delegación de atribucións por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019
RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a lista para a cobertura interina de prazas de prazas de Oficial Electricista, dende a que se irá chamando os candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un deles/as, cando sexa necesario proceder á cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, á vista da proposta do tribunal de selección, de data 7 de abril de 2022, publicada no taboleiro de anuncios deste Concello e páxina web é a que a continuación se indica:

Nº Orde	Apelidos e nome	DNI	P. Total
1	FOUZ MOURE, MANUEL	*335C	19,15
2	VARELA PICHÍN, MANUEL	*933P	17,34

Segundo.- Que se proceda á súa publicación na páxina web e taboleiro de anuncios, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa e que contra a mesma, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo, poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado deste orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación. Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á súa publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñelo recurso contencioso administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.